

12 CONSELLOS PARA APRENDER IDIOMAS EN FAMILIA

O verán é un momento ideal para practicar idiomas dun xeito diferente, relaxado e en familia; velaquí as propostas da Biblioteca do CPI P. Cabo da Area:

1. APROVEITADE AS SMART TV



Moitos televisores dan xa a opción de seleccionar ver os programas, películas e series en versión orixinal, con ou sen subtítulos.

2. CONTADE, CANTADE E ESCOITADE



Cóntadelles aos rapaces e rapazas que música en inglés, francés... escoitabades vós. Podedes baixar as letras, traducilas, facer karaoke...

Escoitar radios doutras latitudes tamén pode axudar. Sitios como radio.garden no que podes acceder a máis de 8000 radios de todo o planeta poden resultar útiles e divertidos. Tamén podedes escoitar a canle en [Ivoox de Radio RAT!](http://Ivoox.de)

3. XOGADE XUNTOS



Hai xogos como o Scrabble ou o Hangman (aforcado) aos que podedes xogar en diferentes idiomas.

A maioría dos videoxogos son tamén unha fonte de aprendizaxe de novo léxico e expresións.

4. APRENDEDE COUSAS NOVAS CON YOUTUBE E VIMEO



En youtube podes ver vídeos e titoriais de temas diversos e subtítulalos se o precisas. Podedes aprender a amañar a bici en inglés, bailar unha coreografía, facer un biscoito...

5. USADE AS APPS ADECUADAS



Hai numerosas APPs gratuítas coas que poderedes practicar idiomas no móbil como: BBC Learning English, Learn English Grammar, 7 jours sur la planète, Très bien...

6. SELECCIONADE WEBS ÚTILES



A internet presenta moitísimos recursos de aprendizaxe de idiomas, aproveitádeos!

7. SACÁDELLE PARTIDO AO MÓBIL



Outra forma de axudarnos a practicar é poñer no idioma que queremos aprender o menú do noso móbil.

Ademais os smartphones permiten instalar todo tipo de apps para facilitar a nosa aprendizaxe.

8. DICIONARIOS



Procurade que teñan sempre na casa á man as ferramentas precisas para aprender. Un dicionario en papel sempre é útil para estudar, mais hoxe en día temos tamén opcións on-line e aplicacións que nos permiten escoitar a pronuncia das palabras, como Le Trésor de la Langue Française Informatisé, o Free Farlex Dictionary ou os dicionarios da RAG e da RAE, que ademais están dispoñibles tamén para o móbil.

9. E-READERS



Estes dispositivos son especialmente útiles para practicar idiomas e aprender novo vocabulario coa lectura, xa que permiten instalar dicionarios que podemos consultar ao mesmo tempo que imos lendo.

10. IDE AO CINE...



Cada vez son máis as salas que nos dan a oportunidade de ver as películas en versión orixinal, preguntade no voso cine que días teñen estas proxeccións programadas e averiguade como son realmente as voces das vosas actrices e actores favoritos.

11. ...OU AO TEATRO



Hoxe en día hai opcións para todas as idades e en todos os idiomas. Ver unha peza dramática ou un musical pode ser unha tarde diferente e moi divertida en familia.

12. PRACTICADE SOBRE O TERREO



Aprendede algunhas palabras e frases no idioma do lugar que visitades e anímadeos a que se atrevan a entablar comunicación con nativos sen medo a equivocarse. Podedes apuntarvos a algunha visita guiada noutro idioma e aprender mentres o pasades ben en familia. Tamén os turistas son unha boa oportunidade de practicar sen saír da nosa zona, se vos preguntan algo intentade responder no seu idioma, seguro que volo agradecen aínda que non saia perfecto.



BO VERÁN
BUEN VERANO
HAVE A NICE SUMMER
BON ÉTÉ
BON ESTIU
UDA ONA
BOM VERÃO
BUONA ESTATE
...

